


Ciclo Cine e movimento obreiro

CINEFORUM AURORA



O sal da Terra

Ficha técnica

Título orixinal: The Salt Of the Earth

País, ano e duración: USA, 1954, 92 minutos

Director: Herbert J. Biberman

Guionista: Michael Wilson

Música: Sol Kaplan

Produtor: Paul Jarrico

Elenco: Rosaura Revueeltas, Juan Chacón, Will Geer, Mervin Williams, Frank Talavera, Clinton Jencks, Virginia Jencks.

Sinopse

A película narra unha folga longa, difícil e exitosa en 1951 contra a Empire Zinc Company (na cinta úsase o nome ficticio de Delaware Zinc). Os traballadores declaráronse en folga indefinida coa fin de obte-los mesmos dereitos e condicións dos traballadores mexicanos cos traballadores anglos. Amosa a forte loita dos mineiros contestada coa represión por parte de empresa e autoridades aos traballadores, que no conseguirían as súas reivindicacións sen la formidable participación das súas familias, en especial das mulleres.



Como se fixo a película:

Foi patrocinada polo Sindicato Internacional de Traballadores de Minas, Muíños e Fundicións, cuxos afiliados participaron activamente nos papeis dos traballadores en folga. O director, guionista, produtor e músico, así como os intérpretes, entraron a formar parte nas listas negras de Hollywood, poñendo o seu futuro profesional en perigo ao ser acusados coa etiqueta polivalente de comunistas.

Durante a rodaxe, producíronse atentados (mesmo disparos) contra os decorados e os participantes, houbo que agochar os negativos fóra do alcance das garras destrutoras, houbo expulsión de actores e actriz mexicanos ao quitarlle a visa e todo tipo de impedimentos e atropelos que fixeron case imposible chegar a fin da rodaxe. Unha vez rematada a película, que foi revelada nun laboratorio secreto, chegou o boicoteo, xa que so 12 salas en todo o país aceptaron proxectala. Tardou máis de dez anos en ser minimamente recuperada para o público e sempre en circuítos restrinxidos. Hai unha modesta película do ano 2000, *Punto de mira*, protagonizada por Jeff Goldblum, que conta a rodaxe de *O sal da Terra*.

Nomes propios

Sindicato Internacional de Traballadores de Minas, Muiños e Fundicións: Este Sindicato naceu en 1916 e tivo un crecemento notable en Canadá e Estados Unidos, acadando nos anos 50 a cifra de 37,000 afiliados. Tivo que lidar contra o Comité de Actividades Antiamericanas do senador McCarthy, que o acusaba de estar inzado de comunistas. Esta foi a causa da súa expulsión, xunto con outras once organizacións, da CIO, a gran central norteamericana. O Sindicato continuou existindo e perdendo a súa forza pouco a pouco, sendo o seu último baluarte un sindicato local ata 1993.

Herbert J. Biberman: O director da película non tivo ocasión de facer máis cine, salvo unha esquecida película sobre a escravitude xa en 1969, dado que pasou o resto da súa carreira nas listas negras. Expulsado do Sindicato de Directores en 1950, foi reafiliado postumamente en 1997.

Michael Wilson: Gran guionista, responsabilizouse sen acreditar de moitos guións que foron premiados ou nominados como *A ponte sobre o río Kwai*, *Lawrence de Arabia*, *Un lugar no sol*, *A gran proba* e *Operación Cicerón*.

Sol Kaplan: O músico sufriu tamén a persecución, pero aínda así deixou a súa pegada, ás veces sin acreditar, en varias dúcias de películas, destacando as premiadas *O espía que xurdeu do frío* ou a serie orixinal de *Star Trek*.

Paul Jarrico: O produtor non se librou da persecución, incluso na súa faceta de guionista. A súa carreira desenvolveuna con posterioridade en Europa de xeito itinerante.

Rosaura Revueltas: A impresionante actriz mexicana protagonista da película no papel de Esperanza Quintero. Na rodaxe foi detida e incluso expulsada de Estados Unidos coa finalidade de que non se puidera rematar a película. A súa inclusión na lista negra impediulle traballar non so en Estados Unidos, senón tamén en México, a cuxa industria puido regresar a partir de 1976 en pequenos papeis.

Juan Chacón: Non tiña experiencia como actor, pero fue admitido para o papel protagonista do mineiro Ramón Quintero, nun notable e convincente rol. Era un activo sindicalista e chegou a ser presidente do sindicato. Non volveu participar no cine.

Will Geer: O sheriff de *O sal da Terra* tamén tivo que pasar a súa penitencia por estar na lista negra. Cando volveu traballar, sobre os anos 70, foi para facelo en series de televisión de certo éxito (*Os Walton*), ou como actor de episodios.